



U + Sociedade P3

A terceira misión da Universidade, un obxectivo inaprazable

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

A UDC participa no proxecto que revolucionará o coñecemento do universo

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

Manuel Rivas e John Rutherford

Dous símbolos da vocación universal da cultura galega

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

Unha firme aposta polo emprendemento a o acceso do estudiantado ao mercado laboral

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física



U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

RECOÑECIDA COA BOLSA GOOGLE ANITA BORG SCHOLARSHIP



U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

NOVA DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

U + Emprendedores P13

Sedaqua

UNHA SOLUCIÓN DE BAIXO CUSTO EN TEMPOS DE CRISE PARA DEPURAR AUGAS RESIDUAIS RESPECTANDO O MEDIO AMBIENTE



U + Actualidade P14-15

Novos galardóns que avalan o labor docente e investigador das facultades coruñesas

A UDC celebra os 25 anos Erasmus coa inauguración do FINDER

O Goberno chinés selecciona un profesor de INEF para un proxecto sobre neurociencia

Graduación de alumnos da Sénior no décimo aniversario do programa

Alumnos e alumnas de ADE estudarán o grao en inglés a partir do próximo curso



U + Personaxes P16

Antón Reixa

ARTISTA, POETA, CREADOR E PRODUCTOR. FUNDADOR DO GRUPO FILMANOVA E NOVO PRESIDENTE DA SGAE

INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es



@UDC_gal



www.facebook.com/udc.gal

EDITA

Universidade da Coruña
REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Servizo de Normalización
Lingüística

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico



ENDEREZOS DE INTERESE

OTRI: Oficina de Transferencia
de Resultados de Investigación
EDIFICIO DE SERVICIOS
CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Portal de Empleo
<http://www.udc.es/saee/empregoudc/>

Servizos de Apoio á
Investigación
EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxasec@udc.es

Observatorio Ocupacional
CENTRO UNIVERSITARIO
DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Investigación
e Transferencia
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vit@udc.es

Ideas, talento e rankings

Xosé Luís Armesto

REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



“A universidade foi clave no progreso de España nos últimos 30 anos”. Con esta rotundidade, que non podo máis que secundar, manifestouse o pasado mes de maio o presidente do Grupo Santander, Emilio Botín, no marco da Xunta Xeral de Accionistas de Universia, que tivo lugar na cidade de Murcia. Botín leu un discurso de total apoio e defensa do labor que estamos a realizar as universidades españolas no progreso social e económico do país, a que lles está reservado, segundo a súa opinión, un papel destacado para saír da situación actual.

Non está no meu ánimo contradicir a quen así se manifesta, sobre todo cando se está de acordo e se esta persoa é do calibre do presidente do maior grupo bancario do mundo, pero recoñezo que tamén nun momento en que se cuestiona o papel das entidades de educación superior, oír afirmacións tan rotundas é unha satisfacción. Non por vaidade persoal senón porque ese é o sentir e o camiño en que vimos traballando os que temos algunha responsabilidade no tema da gobernanza universitaria desde hai xa moitos anos.

Este curso, que xa rematou, contou con máis de millón e medio de estudantes universitarios que estudaron nalgunha das 79 universidades, públicas e privadas, que existen en España e que para algúns son demasiadas e mesmo se apresuran a

establecer comparacións que xustifican esta afirmación sen fundamento, como se verá.

O tamaño medio das universidades españolas é de 20.651 alumnos, polos 10.884 estudantes na OCDE. A ratio de universidades públicas por millón de habitantes na UE é de 1,4, mentres que en España é de 1,1. Por poñer un exemplo, o Estado de California ten 140 universidades cunha ratio por millón de habitantes de 3,75; mentres que España con 79 universidades ten unha ratio de 1,67.

Retomando algúns datos que citou Botín no seu discurso, España acadou unha produción científica que a sitúa no noveno posto do mundo. Asegurou tamén que en España, a universidade é unha das institucións máis valoradas pola sociedade e que máis confianza xera. Con todo, unha e outra vez temos que oír que ningunha universidade española está entre as 150 mellores do mundo. Ademais de considerar que os rankings só teñen en conta algunhas das misións universitarias á hora da súa elaboración, hai unha clara relación entre a capacidade orzamentaria universitaria e a súa posición en todos os rankings. As universidades de Harvard, MIT ou Princeton (EE.UU.) destinan un orzamento anual por estudante de 150.000€, mentres que no caso das universidades españolas esta cifra baixa aos 10.000€.

E a pesar dun menor financiamento público, as universidades españolas acadaron, tamén segundo a valoración de Emilio Botín, un marco de calidade por enriba da media europea. Moitas son as voces que reclaman maior financiamento privado ás universidades. Na Universidade da Coruña tamén nos sumamos a esta petición. Existen nos nosos orzamentos contribucións de fondos privados, pero son na súa maioría finalistas, contratos a cambio dunha prestación do que mellor sabe facer a universidade: ideas e talento; pero o que realmente podería supoñer axuda económica é o mecenado, case inexistente no panorama universitario español e moeda corrente nas universidades anglosaxonas con que se nos compara.

Existen honrosísimas excepcións. O Banco Santander destinará este ano 2012 ás universidades españolas o 10% dos beneficios netos do Banco Santander España, o que vén supor 75 millóns de euros de patrocinio. A Universidade da Coruña será unha das beneficiarias, de feito, este é o único caso de mecenado que ten.

A terceira misión da universidade, un obxectivo necesario e inaprazable

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE



Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

Recentemente viu a luz o documento denominado *"Libro verde para el fomento y la medición de la tercera misión de las instituciones de educación superior"*, (<http://bit.ly/MhyVSo>) elaborado por un grupo de universidades europeas e financiado pola Comisión Europea, no marco dun programa cuxos obxectivos son mellorar a calidade, eficiencia e eficacia da educación superior e a súa contribución á sociedade e ao sector empresarial.

Tamén se acaba de publicar o informe da Fundación Conocimiento y Desarrollo (CyD) 2011, (<http://bit.ly/KzAaIn>) sobre *"La contribución de las universidades españolas al desarrollo"*, que este ano incorpora unha monografía sobre *"La transferencia de tecnología y conocimiento universidad-empresa en España: estado actual, retos y oportunidades"*, en que se analiza o estado actual en España da terceira misión universitaria.

Existe unha concienciación e un recoñecemento crecente no mundo sobre o papel que as universidades deben de asumir no desenvolvemento económico e social na moderna sociedade do coñecemento. Nas últimas décadas, o papel das universidades pasou de estar centrado unicamente nas súas dúas misións clásicas de ensino e investigación, a xirar en torno ao seu protagonismo necesario como motores do desenvolvemento social, cultural e económico do seu contorno, en condición de institucións da sociedade necesariamente implicadas co seu sector produtivo.

O eixe central da terceira misión universitaria constitúeo a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía e a súa posta en valor polo tecido produtivo, fortalecéndose así o compromiso de responsabilidade social da universidade mediante a súa contribución efectiva á mellora da competitividade do seu contorno e, polo tanto, á creación de riqueza e emprego, o que obviamente é o gran reto da sociedade española nestes momentos.

No caso concreto das nosas universidades, propoño a continuación o seguinte decálogo de consideracións e suxestións:

1. A terceira misión focalízase na interacción entre as universidades e o resto da sociedade. A súa posta en práctica complementa e fortalece as súas misións de formación de capital humano e de investigación, fronte a concepcións, hoxe plenamente superadas, que vían na terceira misión unha alteración da natureza e das esencia da Academia.

2. É necesario que a investigación universitaria se axuste á demanda do mercado. Esta aparente restrición á liberdade de investigación, difícil de admitir nunha cultura social escasamente baseada na idea de cooperación e esforzo común, xustifícase hoxe máis que nunca na necesidade –tamén para as universidades- de crear valor económico e emprego.

3. España ocupa a 9ª posición na clasificación mundial de países por produción científica, á que non é allea a nosa política universitaria tradicional de incentivar a carreira académica en función das publicacións, e aproximadamente a 30ª posición en innovación e competitividade. Urxe superar este gap e reorientar semellante capacidade de investigación das nosas OPI (singularmente as universidades) cara á súa posta en valor produtivo, entre outros mecanismos, valorizando a transferencia (patentes etc.) no currículo académico.

4. Na actual situación de crise económica e conseguinte diminución das achegas do sector público para o financiamento universitario, a terceira misión preséntase, non xa como unha necesidade para a creación de emprego e riqueza que a nosa sociedade demanda de maneira urxente, senón como unha fonte de mellora e xeración de recursos económicos para as universidades a través dos ingresos derivados dos contratos de cooperación ou/e transferencia de tecnoloxía co sector produtivo.

5. A necesaria competencia que esixe a transferencia de resultados implica, por si mesma, unha mellora no funcionamento das nosas universidades, ata agora demasiado funcionariais e iguais e escasamente forxadas na cultura da necesaria innovación e mellora permanente a que obrigan as prácticas do libre mercado.

6. É evidente o reto que a terceira misión representa para os consellos sociais das universidades, na medida en que son precisamente os órganos a que se lles confire a responsabilidade da interrelación sociedade-universidade. Neste sentido, debe superarse a limitación que representa a nosa actual lexislación universitaria, ao configuralos, sobre todo, como órganos centrados no control e na supervisión das actividades económicas das universidades e para a captación de

recursos que melloren o financiamento daquelas. A función dos consellos sociais debe ser reorientada cara ao seu maior protagonismo no fomento da terceira misión: impulsar a colaboración entre a sociedade e as universidades mediante a satisfacción por estas das necesidades do seu contorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural.

7. Hai que apoiar a creación de unidades especializadas dentro das universidades para articular eficazmente as políticas de transferencia de resultados ao tecido produtivo. A actual configuración das OTRI non é a adecuada. Para facer investigación colaborativa con empresas, xestionar patentes e licenzas e promover spin-offs, hai que ter formación e cultura empresarial. Hai que facer organizacións profesionais de transferencia de tecnoloxía (OTT) cun pé na universidade e outro no sector produtivo. Unha posible solución transitoria sería procurar o seu achegamento aos consellos sociais.

8. Se realmente queremos que as universidades sexan protagonistas do desenvolvemento social e económico a través da súa terceira misión, é necesario tratar o gran reto pendente de cambiar o seu sistema de xestión e gobernanza. O actual sistema académico-burocrático de xestión das universidades é un obstáculo considerable para a súa eficiente interrelación coa sociedade.

9. Ha de recoñecerse que a LOM-LOU do ano 2007 e sobre todo a promulgación da Lei 2/2011 de economía sostible e 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, melloraron considerablemente o marco lexislativo para que as universidades desenvolvan a súa terceira misión en liña coa necesidade que España ten nestes momentos, en plena sociedade do coñecemento do século XXI, de que as súas universidades sexan protagonistas activas do desenvolvemento social e económico.

10. Por último, destacar que a responsabilidade social universitaria, na medida en que a transparencia, a rendición de contas e o compromiso social enraizan aínda máis as universidades na sociedade, é o complemento imprescindible da terceira misión universitaria.

Galegos na Axencia Espacial Europea

A Universidade da Coruña participa no proxecto que revolucionará o coñecemento do universo

Universidade & Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

Investigadores gregos, italianos, franceses, alemáns, suecos, finlandeses, ingleses, españois... A reunión dos distintos grupos de traballo do Proxecto GAIA é como unha Torre de Babel do século XXI en que o que non sexa un iniciado na materia non sabería se están a falar dun proxecto real ou do guión dunha nova película de ciencia ficción.



Somos como "unha minieuropa", explica Minia Manteiga, a única astrofísica que traballa na Universidade da Coruña como coordinadora do grupo da UDC integrado neste ambicioso proxecto de investigación da Axencia Espacial Europea, que ten como reto nada menos que a observación de máis de mil millóns de estrelas, cunha precisión unhas 500 veces superior á que é posible obter hoxe en día, elaborando con elas o primeiro mapa multidimensional da Galaxia. Trataríase dun cartografado en 6D, algo parecido ao holograma que sae na película *A guerra das galaxias*, pero sen o mestre Yoda e Han Solo, senón grazas ao inxente traballo que están a desenvolver os investigadores para deseñar un sistema de intelixencia artificial que permita procesar, clasificar e almacenar todos os elementos astronómicos, o que constitúe preto dun petabyte de datos (1000.000.000.000.000 bytes).

O "traballo de campo" realizárono o denominado Satélite Gaia, que está na súa fase final de construción e será lanzado ao espazo no ano 2013, iniciando así a segunda parte da misión, calculada en 5 anos. O satélite levará incorporada a sofisticada tecnoloxía que están a deseñar os investigadores, que realizaron a súa última reunión de posta en común precisamente na Coruña, na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, onde a anfitriña foi Minia Manteiga. "Gaia é unha misión clave na astronomía das próximas décadas que vai revolucionar o coñecemento do universo", asegura a investigadora. Ademais, o catálogo da misión será de acceso libre aos investigadores a nivel mundial que permitirá estudos en profundidade de diversos de obxectos astronómicos.



Gaia é o máximo expoñente dunha tecnoloxía que situou Europa como líder absoluto no campo da astrometría do espazo. Ademais, na construción do satélite participan empresas españolas de tecnoloxía aeroespacial como SENER e CRISA, aínda que o principal contratista é a francesa EADS- Astrium.





En busca de obxectos non identificados

Os investigadores non só esperan clasificar todos os elementos observados no universo. Queren chegar máis alá e non descartan algún achado nunca antes detectado. “Quen sabe, quizais descubramos algo novo, unha galaxia, unha estrela... O que está claro é que no universo hai máis masa da que se ve”, sinala Minia Manteiga. E, precisamente, pode que sexa fundamental neste eido a achega do grupo que ela lidera, xa que o cometido dos investigadores da Universidade da Coruña é a análise dos denominados outliers, que son obxectos con propiedades diferentes do resto, é dicir “obxectos raros”, en linguaxe coloquial, que non foran capaces de clasificar os outros grupos integrados na unidade de coordinación 8 de Gaia (CU8).

Esta unidade encargarase da clasificación de todas as fontes que observará o satélite, desde estrelas ata asteroides, outras galaxias ou cuántares. Estudaranse as súas principais características ou propiedades físicas, como por exemplo as temperaturas e gravidades das estrelas. “Todo o que non sexa clasificable, os chamados non identificados, que non entran dentro dos

grupos estándar, recibirémolo nós”, sinala a investigadora, que adianta que lles tocará analizar en torno a 5 millóns de obxectos que van agrupar por características similares para intentar despois descubrir a súa natureza física. Neste sentido, unha característica que quere salientar Minia Manteiga do proxecto Gaia é o seu potencial de descubrimento. O satélite observará todos os obxectos detectables na Vía Láctea ata magnitude 20 (un brillo moi tenue, visible só por telescopios potentes) polo que “entrarán moi probablemente obxectos ata agora descoñecidos”, quizais por ser pouco frecuentes ou por ter tempos de vida astronómicamente curtos. Neste sentido, explica que “sabemos moi ben como é a vida dunha estrela, como nace, consume o seu combustible, envellece, explota ou acaba apagándose, pero hai algunhas en que ese ciclo é moi curto e por iso non puideron ser observadas nese período evolutivo”. Clasifícalas e analiza a natureza de elementos como eses será o cometido do grupo galego. “É un traballo difícil desde o punto de vista científico e técnico, pero enchenos de ilusión”, conclúe a investigadora.

O equipo galego de Gaia

A misión Gaia pertence ao programa científico da Axencia Espacial Europea Horizonte 2000+, ten un custo aproximado de 650 millóns de euros e nela participan uns 500 científicos e tecnólogos de 11 países de Europa, que compoñen o consorcio denominado Gaia DPAC (Data Processing and Analysis Consortium), e de que forman parte un total de 45 astrofísicos e enxeñeiros españois. O grupo maioritario atópase na Universitat de Barcelona e está liderado polo profesor Jordi Torra. Ademais participa un grupo de Madrid (UNED e Centro de Astrobioloxía). Con respecto ao Grupo Galego de Gaia (GGG), está formado pola astrofísica da Universidade de Vigo Ana Ulla e por cinco investigadores da Universidade da Coruña: a xa mencionada Minia Manteiga e os profesores da

Facultade de Enxeñaría Informática Bernardino Arcay, Carlos Dafonte, Alejandra Rodríguez e Diego Fustes (bolseiro do programa FPI do proxecto).

Explica Minia Manteiga que o grupo coruñés soubo sacar vantaxe da súa composición multidisciplinar, que é fundamental nunha misión como Gaia, cun compoñente importante tanto de Astrofísica como de Tecnoloxías da Información e Comunicacions. O grupo ten experiencia na aplicación de técnicas de Intelixencia Artificial á análise de problemas complexos, así como ao tratamento da información en bases de datos extensas e heteroxéneas. Esta experiencia aplicouse a campos tan diversos como a medicina, a teledetección e a astrofísica.





A UDC incorpora o escritor coruñés e o hispanista inglés á súa nómina de Honoris Causa

Manuel Rivas e John Rutherford, dous novos símbolos da vocación universal da cultura galega

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Gareca

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

Tras o último acto de investimento celebrado no presente curso na Reitoría da Universidade da Coruña, son xa vinte e un os doutores Honoris Causa nomeados pola UDC en recoñecemento ao seu labor profesional, artístico ou social. O pasado 23 de marzo, o Paraninfo vestíase de gala para conceder esta máxima distinción académica ao escritor coruñés Manuel Rivas e ao hispanista John Rutherford, dando así o visto e prace ás propostas aprobadas previamente na Facultade de Filoloxía.

A Universidade considerou que Manuel Rivas é o máis senlleiro escritor coruñés vivo e un dos máis polifacéticos e relevantes creadores en lingua galega, como pon de relevo a súa extensa traxectoria como xornalista, narrador e poeta. Con respecto a John Rutherford (Saint Alban, Reino Unido), a Universidade da Coruña considerou os seus méritos como un dos máis importantes valedores internacionais da cultura galega.

A cerimonia estivo presidida polo reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, que tamén entregou neste acto a Medalla de Ouro da Universidade ao seu antecesor no cargo, José María Barja. Logo do discurso do catedrático de Álgebra, procedeuse a conceder o máximo grao académico universitario en primeiro lugar a Manuel Rivas. O catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa Carlos Paulo Martínez Pereiro foi o encargado de pronunciar o discurso de gabanza de Rivas, explicando os méritos polos que o departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística pedira o seu nomeamento como doutor Honoris Causa. Un dos momentos máis especiais do acto tivo lugar coa entrada de Manuel Rivas ao Paraninfo ao son do Himno do Antigo Reino de Galicia e cunha flor de toxo na man que lle deran os veciños de Elviña. Unha vez impostas as insignias correspondentes ao grao, o novo doutor pronunciou o seu discurso de ingreso no Claustro, agradecendo o seu nomeamento: “no meu país danse as grazas” repetiría ao longo do seu discurso en varias ocasións o escritor coruñés, realizando unha firme defensa da lingua galega como unha pertenza universal que ten un fio incesante na boca da literatura. O escritor alertou, porén, sobre a utilidade da escrita. “Non cómpre facerse ilusións porque a literatura

e o xornalismo freen a pandemia destrutiva do planeta, pero cómpre escribir como se fose posible o milagre”, sinalaba Rivas, reivindicando nun discurso cheo de poesía e referencias literarias o papel da universidade, a literatura e o xornalismo como “espazos de esperanza”.

A continuación, o director do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin”, Antonio de Toro, actuou de padriño pedindo para John Rutherford o grao de doutor Honoris Causa cun discurso laudatorio. O intelectual galeguista inglés accedeu ao Paraninfo ao son da música dun acordeonista que interpretou a habanera composta por Rutherford “Vila meiga” en honor a Ribadeo, localidade a que el chegou en 1959 con 17 anos e que foi o inicio da súa longa relación con Galicia.

O tradutor e profesor universitario respondeu nun perfecto galego as preguntas que, dixo, lle facían sempre sobre a orixe da súa aprendizaxe da lingua e o seu interese por esta periferia. “Nestas preguntas vai implícita a inferioridade da periferia dos galegos, que se chama autoodio”, respondeu alegando con retrans que “Inglaterra xa non é o centro do mundo como pensa moita xente, sobre todo inglesa”, senón que “agora é a periferia de Estados Unidos”. O escritor inglés describiu o gran contraste con Londres e o forte sentido de identidade que atopou en Ribadeo, a onde chegou de intercambio estudantil. Rutherford, que resumiría ao final o seu discurso en tres palabras: Galicia, tradución e peregrinaxe, puxo en valor o traballo dos tradutores: “non son copistas, son coautores” porque “a reprodución exacta dun texto noutra lingua é imposible”. Tamén definiu a peregrinaxe, -fixo o Camiño de Santiago desde Roncesvalles en varias ocasións- como vivir nas marxes. “É un mundo alternativo que dá unha perspectiva en que comprendemos que os valores da vida moderna son insignificantes”, rematou.

O acto concluíu co discurso do reitor, Xosé Luís Armesto, que se referiu ao “compromiso xeneroso” do ex reitor e dos dous novos Honoris Causa, asegurando que con estes nomeamentos a Universidade da Coruña escribiu unha páxina singular no

seu catálogo de recoñecementos, cos que se debuxa o perfil simbólico da institución.

De José María Barja destacou o acerto co que rexeu os destinos da UDC nos últimos oito anos e o seu espírito de servizo e defensa da institución, nun emotivo discurso en que continuou dedicando unha fonda loanza a John Rutherford, destacando a súa curiosidade intelectual, coa que acabaría por se converter, desde a súa cátedra de Oxford, no mellor embaixador da lingua e da literatura galegas no ámbito anglosaxón. “Dalgún xeito, el, que agora se sente tan galego como británico, veu quitarlle as cores aos que, sendo galegos de Galicia, demostran pouca fe no seu país e escaso apego á súa cultura”, sinalaba Armesto, para engadir que “Rutherford dános toda unha lección, impagable, de dignidade e orgullo”.

O reitor culminou a súa intervención destacando a traxectoria de Manuel Rivas, así como o feito de que é o primeiro xornalista que chega ao claustro de honra da Universidade da Coruña. “Con el incorporamos un prestixioso profesional da información que deu o paso cara á literatura, nun itinerario frecuente entre os xornalistas, pois como lembrara García Márquez, novela e reportaxe son fillas dunha mesma nai”, sinalaba Armesto, engadindo que “na senda dos grandes da comunicación, Manuel Rivas entendeu que o oficio de escribir é tamén un espazo de loita”. Para o reitor, o escritor coruñés está emocional e culturalmente moi próximo “ao que somos e ao que queremos para Galicia e para os galegos desde a Universidade da Coruña: mellora permanente, compromiso social, fe na condición humana e, como el mesmo di, permanente espírito de estudante para avanzar sempre contra a propia ignorancia”.

Finalmente, Xosé Luís Armesto proclamou que con Rutherford e con Rivas, a Universidade da Coruña reivindicou o valor da cultura con maiúsculas feita desde aquí con vocación universal: “Queremos que a súa obra sirva de referente para a acción cultural da nosa Universidade, que consideramos un obxectivo estratéxico da nosa proxección social como servizo público”.



Máximo expoñente do xornalismo e a literatura en Galicia

Desde moi novo, con quince anos, Manuel Rivas comezou a traballar na prensa como meritorio en *El Ideal Gallego*. É licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Parte da súa obra xornalística está recollida en libros como *Galicia, bonsai atlántico*, *Toxos e Flores*, *El periodismo es un cuento* ou *Galicia, Galicia*.

Como narrador, entre outras obras, publicou os libros de relatos *Un millón de vacas* (Premio da Crítica española) ou *Que*

me queres, amor?. Entre as súas novelas figuran, *En salvaxe compañía*, *O lapis do carpinteiro* ou *Os libros arden mal*. A súa última novela publicada leva por título *Todo é silencio*. Todas estas obras recibiron importantes galardóns como o da Crítica española e galega, Nacional de Narrativa ou a Asociación de Escritores. Unha mostra da súa poesía son as antoloxías *O pobo da noite* e *Do descoñecido ao descoñecido*. O seu último libro de poemas é *A desaparición da neve* (2009), publicado en edición plurilingüe (galego, castelán, éuscaro e catalán).

No eido da creación dramática publicou o texto teatral *O heroe*, levado á escena pola compañía Sarabela. Entre os numerosos

premios recibidos pola súa traxectoria figuran o Arcebispo Xoán de San Clemente, Premio 50 Aniversario da Sección Belga de Amnistía Internacional ou Premio Lousada Diéguez á Creación literaria. En 2009 foi elixido membro da Real Academia Galega, en que ingresou cun discurso titulado "A boca da literatura (Memoria, ecoloxía, lingua)". Polo seu labor xornalístico recibiu os premios Fernández Latorre (concedido por *La Voz de Galicia*), Puro de Cora (de *El Progreso*) e o premio Fernández del Riego. En 2011 foi premio da fundación Luis Tilve, polo seu labor a prol de causas de interese social.



Un dos máis importantes valedores internacionais da cultura galega

John Rutherford formouse academicamente na Universidade de Oxford, en que se doutorou en 1969 coa súa tese sobre *Literature and society: the novels of the Mexican Revolution, 1910-1917*. Tradutor ao inglés do *Quijote* e *La Regenta*, o

seu enfoque hispanista foi inclinándose paulatinamente cara a Galiza, desde que chega a Ribadeo por vez primeira en 1958. Tradutor ao inglés de Castelao e Méndez Ferrín, vén desenvolvendo un destacado labor de difusión internacional da nosa cultura. Impulsor e director do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Oxford desde 1991, foi tamén vicepresidente e presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos desde 1991 a 1997.

Da súa man xurdiu toda unha promoción de novos investigadores británicos relacionados coa literatura galega (Derek Flitter, David Mackenzie, Kristy Hooper, Craig Patterson...). En 2008 foi nomeado académico honorario da Real Academia Galega, tamén recibiu outras importantes distincións: Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (Madrid, 1984), Medalla Castelao en 1998 e Premio Trasalba en 2007.

Os membros do claustro de honra da UDC

- Carmela Arias y Díaz de Rábago:** Pola súa protección, empeño e labor constante a favor das ciencias, das letras e das artes.
- Emilio González López:** Pola súa exemplar dedicación universitaria á promoción e defensa dos valores culturais de Galicia.
- Mario Alberto Nobre Lopes Soares:** Polos seus méritos como escritor, xurista e político comprometido firmemente coa defensa dos dereitos humanos.
- Aníbal Antonio Cavaco Silva:** Polos seus méritos como escritor, político e docente distinguido no campo da economía.
- Fernando Lázaro Carreter:** Polos seus méritos como lingüista, teorizador da literatura e escritor que, a través dos seus artigos na prensa, soubo transmitir un talante de sinxeleza, tolerancia e sentido común en relación co uso idiomático e coa conciencia lingüística.
- Domingo García-Sabell Rivas:** Polos seus méritos como escritor, médico e humanista comprometido firmemente coa defensa e difusión da cultura de Galicia.
- Antonio García-Bellido García de Diego:** Polos seus méritos como docente e investigador destacado no campo da xenética do desenvolvemento.
- Adolfo Suárez González:** Polos seus méritos como político, responsable, a través da súa actuación, da reinstauración do sistema democrático en España e firme defensor dos valores da liberdade, a tolerancia e a convivencia pacífica.
- Xosé Neira Vilas:** Polos seus méritos como escritor, capaz de recrear cun profundo lirismo o mundo das vivencias cotiás e pola súa permanente defensa da lingua e cultura galegas como vías de entendemento.
- Valentín Fuster de Carulla:** Polas súas achegas á investigación e á difusión do coñecemento científico das enfermidades cardiovasculares, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos cidadáns.
- Seamus Heaney:** Polas súas achegas ás Letras Irlandesas Contemporáneas e, polo tanto, a súa contribución de gran transcendencia para un maior coñecemento da experiencia humana universal.
- Enrique V. Iglesias García:** Polas súas achegas á investigación e á diseminación do coñecemento científico sobre o desenvolvemento e a integración económica internacional, así como pola súa contribución á consolidación dunha comunidade iberoamericana de nacións.
- Emiliano de Aguirre Enríquez:** Polas súas achegas á investigación no campo da paleontoloxía humana tanto en España como en Galicia co descubrimento e investigación de Atapuerca, Burgos e Gándaras de Budiño, así como polas súas contribucións á formación da semente dos investigadores do cuaternario español difundindo os seus traballos por todo o mundo.
- Santiago Rey Fernández Latorre:** En recoñecemento ao labor emprendedor do editor e empresario e polas súas achegas á cohesión de Galicia como comunidade.
- José Luis Méndez López:** Polas súas achegas no campo financeiro e empresarial contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia.
- Manuel Ramón Llamas Madurga:** Pola súa contribución promovendo a hidráulica subterránea en España e integrando os valores tecnolóxicos e humanísticos da enxeñaría da auga.
- Gerald M. Edelman:** Polos seus descubrimentos que permitiron o nacemento da moderna inmunoloxía e polas súas achegas sobre o desenvolvemento do cerebro humano e os mecanismos da consciencia.
- Isaac Díaz Pardo:** En recoñecemento á súa loita pola liberdade e a democracia, e á súa obra, decisiva para a construción cultural e industrial de Galicia.
- María Wonenburger:** Pola súa traxectoria docente e investigadora no ámbito dá Alxebra desenvolvida en tempos e circunstancias difíciles en canto muller e científica.

Grupo Santander

Unha firme aposta polo desenvolvemento da universidade e o acceso do estudiantado ao mercado laboral

Universidade & Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

O Santander, primeiro banco da zona euro e entre os quince maiores do mundo por capitalización bolsista, realizou unha forte aposta polo apoio ao estudiantado, o que se reflicte non só en produtos financeiros deseñados á medida deste colectivo, que abranguen así mesmo o persoal docente e investigador e de administración e servizos, senón tamén en accións de apoio á excelencia universitaria, ao contacto dos/as titulados/as co mercado laboral, ao emprendemento e á calidade do ensino.

No caso da Universidade da Coruña, o Grupo Santander desenvolve un importante labor de mecenado do colectivo estudiantil, cun orzamento de 650 000 euros destinado a bolsas e axudas para o alumnado.

Estas accións encádranse na denominada Rede Universia, a maior rede de universidades de fala hispana e portuguesa, formada por 1.232 institucións académicas de 23 países e presidida por Emilio Botín, presidente tamén do Grupo Santander. Universia convértese así na grande aposta desta entidade bancaria por lle ofrecer á comunidade universitaria un espazo común de intercambio de coñecemento e cooperación.

Na última Xunta Xeral de Accionistas de Universia, en que se fixo un repaso da actividade desenvolvida pola rede en 2011 e en que se presentaron as novas liñas de acción para desenvolver no futuro, Emilio Botín expresaba o seu firme apoio á educación superior, ao afirmar que desde Universia e Santander Universidades seguirán contribuíndo activamente a axudar as institucións educativas a afrontaren con confianza os desafíos do futuro nun contexto claramente distinto ao de hai uns anos. Neste sentido, o presidente do Santander considera como auténticos xeradores de valor polos que hai que seguir apostando a internacionalización, o emprendemento e o compromiso co contorno. "Para a saída da crise cómpren ideas, innovación, emprendemento e talento", declaraba.



Esas son precisamente as bases sobre as que gravita a Rede Universia, que define como o seu obxectivo principal promover o desenvolvemento social e empresarial a través do talento, o coñecemento, a investigación aplicada e a colaboración institucional entre universidades e empresas. A Coruña é unha das 79 universidades españolas integradas nesta rede, e beneficiaria por tanto das iniciativas que emprende para axudar o colectivo universitario. Unha das máis ambiciosas, anunciada por Emilio Botín na citada asemblea, é a de duplicar en 2013 o número de bolsas Santander de prácticas en pemes, que pasarán das 2.500 previstas a 5.000 dado o éxito obtido na primeira edición, arestora en marcha, para a que se recibiron máis de 60.000 solicitudes de estudantes e preto de 5000 procedentes de empresas. O devandito incremento suporá un investimento total de 13,5 millóns de euros para nada menos que 7.500 bolsas entre a convocatoria actual e a do curso próximo.

Esta sólida aposta é froito da confianza que deposita Universia na excelencia do estudantado e a necesidade de lle conceder unha oportunidade para poñer en valor os coñecementos adquiridos. O presidente do Santander considera fundamental o fomento de vocacións empresariais na universidade para facilitar o proceso e

incentivar economicamente esas iniciativas. Nesta liña, Emilio Botín quixo felicitar as universidades españolas que están a adoptar iniciativas para proporcionaren formación en emprendemento co obxecto de potenciar o espírito innovador e emprendedor, e espertar a inxenuidade de crear emprego como opción de actividade profesional alternativa á habitual. Un reto que precisamente se formulou a Universidade da Coruña, que outorgou xa ao seu estudantado 46 bolsas no marco desta iniciativa.

Estas convocatorias teñen como obxectivo completar a formación teórica coa experiencia práctica en empresas, mellorar as posibilidades de emprego, adquirir novas competencias profesionais e perfeccionar as obtidas, así como outras competencias transversais mais tamén moi importantes como a versatilidade, a capacidade de adaptación e de comunicación, a autonomía persoal ou a toma de decisións. A duración mínima destas prácticas é de tres meses, un período ampliable en tres meses máis por pedimento da empresa de acollida. Os beneficiarios reciben unha axuda ao estudo de 600 euros ao mes, que pode ser completada por calquera outra que a empresa desexe ofrecer, financiada polo programa Becas Santander Crue Cepyme.

Na súa aposta polo emprendemento e a innovación no eido universitario a Rede Universia convoca tamén destacados certames como UNI>PROYECTA, organizado en colaboración coa Área de Traballo de Emprego da Rede Universitaria de Asuntos Estudantis (RUNAE) e dirixido a proxectos empresariais realizados por estudantes ou titulados/as universitarios/as, de que este ano tivo lugar a cuarta edición. Xustamente foi o coruñés Santiago Berdullas, enxeñeiro informático titulado en xaneiro de 2012 pola Facultade de Informática da UDC, o gañador do premio ao mellor proxecto empresarial deste concurso.

Este premio está dotado con 10.000 euros e ten como obxectivo fomentar o espírito emprendedor entre a comunidade universitaria, así como estimular a iniciativa empresarial. O proxecto presentado por Santiago Berdullas leva por título ASPIE: aplicacións específicas para smartphones de posicionamento no interior de edificios. Segundo explica o autor no seu proxecto, a idea consiste no desenvolvemento de aplicacións para os teléfonos móbiles intelixentes (smartphones) que sexan capaces de establecer a posición da persoa usuaria no interior dun edificio determinado e así, a modo de navegador, indicar como chegar a diversas posicións.

Pode aplicarse a múltiples edificios públicos, desde aeroportos ata hospitais, estadios ou museos, onde desprazarse dun lugar a outro pode resultar complicado. Á parte de sinalar como chegarmos ao noso destino, as ASPIE poden completar as indicacións engadindo información de interese para os/as usuarios/as referida ao lugar onde se situaren. Por exemplo, apuntar as normas de control aeroportuarias se nos diriximos a un control de policía, as liñas de metro ou de tren cando estamos nunha estación etc. En concreto, Santiago Berdullas comenta que esta ferramenta pode ser de grande utilidade para as persoas con problemas de visión, xa que daría as ordes necesarias, de modo sonoro, para poder chegar desde un punto de orixe ao destino que se desexar dentro dun edificio.

Por tanto, o abano de clientela para esta idea de negocio é moi amplo, xa que as súas posibilidades son case infinitas. O autor menciona por exemplo os hoteis. En definitiva, o proxecto está formulado para chegar a un número de usuarios potenciais sumamente alto, con solucións sinxelas aos problemas e fundamentalmente orientado ás persoas con problemas de visión.





Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Un cuarto de século conquistando o podio dos mellores centros do Estado

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

A Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, INEF Galicia, está este ano de en hora boa, xa que se celebran vinte e cinco anos da súa andaina como centro de educación universitaria. Tras a súa constitución en 1986, a docencia comezou a impartirse no curso 1987-1988 e adscribiuse nun principio á Universidade de Santiago de Compostela, para pasar a integrarse á Universidade da Coruña en 2004, xa como facultade.

O centro INEF Galicia é o que conta co maior número de metros cadrados de España, un total de 75.000, repartidos en instalacións educativas, físico-deportivas e de investigación. Atópase tamén entre os primeiros de Europa en dotacións altamente especializadas, como piscina, sala de danza, sala de loita, pavillóns, campo de herba artificial, campo de herba natural, pistas de atletismo ao aire libre ou pista cuberta. Ademais, conta con dispoñibilidade social e formativa da praia de Bastiagueiro, para desenvolver materias vinculadas a actividades na natureza como surf, body board, salvamento, xogos, fútbol, voleibol ou balonmán praia.

Esta titulación é sen dúbida unha das máis vocacionais de cantas oferta a UDC. De feito, segundo fontes do Observatorio Ocupacional, o 94% do estudiantado elixe estes estudos por ter unha grande afinidade co deporte. A gran maioría dos alumnos e alumnas proceden de Galicia, pero tamén optan por cursar esta carreira na Coruña numerosos mozos e mozas doutras comunidades autónomas e doutros países, nunha porcentaxe que acada o 23%, o que pon de manifesto o prestixio deste centro fóra de Galicia.

Ao longo destes 25 anos de traxectoria, un total de 2.162 estudantes obtiveron a licenciatura ou o grao en Educación Física ou en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. De INEF saíron, por exemplo, grandes figuras do deporte de elite, nalgúns casos finalistas nas Olimpíadas ou campionatos mundiais, como o remeiro José Ignacio Bugarín, a atleta Julia Vaquero ou os campións olímpicos de Vela Fernando Echávarri e Antón Paz. No momento actual son un total de 105 mozos e mozas os que estudan a licenciatura e 757 xa inseridos co grao no novo Espazo Europeo de Educación

Superior. Aínda seguen a ser máis os homes que optan por esta carreira, cunha porcentaxe do 79% fronte a só o 21% de mulleres.

As persoas tituladas acceden ao exercicio profesional a través da profesión troncal de "profesor de educación física", cualificada como de interese público". Por tanto, existe una clara necesidade de motivación persoal polo servizo público a través do exercicio da profesión por parte do alumnado, que a través desta titulación deberá acadar destrezas avanzadas que o habiliten para o ensino da Educación Física, nos diversos niveis do deporte e tamén na actividade física saudable para a mellora da calidade de vida e o ocio activo, e para a dirección e xestión de entidades, centros e acontecementos deportivos.

Os estudos de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte están fortemente asentados nos países máis desenvolvidos da Unión Europea, aínda que con diferentes orientacións segundo a súa tradición. Así, no caso de Grecia e Bélxica orientábase máis ao ensino dos deportes e en Gran Bretaña e Portugal a orientación é máis xeral e aplicada.

No caso do grao da UDC, concrétese nun plan equilibrado e amplo, cunha distribución proporcional na carga de formación básica e aplicada, e presidido por un alto nivel de práctica, tanto en físico-deportiva como en competencias didácticas, de rexistro ou avaliación, así como un gran nivel de interacción entre o profesorado e o alumnado, co obxectivo de acadar unha completa formación multidisciplinar.

Con respecto ás saídas profesionais, as persoas egresadas están facultadas e formadas para exercer tanto como profesores e profesoras de Educación Física como para adestradores deportivos, na dirección ou na xestión deportiva, na promoción da actividade física para a saúde ou na animación deportiva profesional.

Os responsables do centro, co seu decano Rafael Martín Acero á fronte do equipo, afrontan este momento, en que INEF Galicia cumpre un cuarto de século, con ilusión e novos retos para seguir avanzando no prestixio da facultade. Entre estes

obxectivos destaca a internacionalización, aumentando a mobilidade de estudiantado e profesorado. O centro xa recibiu alumnos e alumnas e docentes de máis de vinte países pertencentes a tres continentes e nos últimos cursos sae ao estranxeiro unha media de 50 estudantes cos mellores expedientes rumbo a universidades de máis de dez países.

Tamén se están a realizar importantes avances no nivel da investigación aplicada, cada vez máis alta grazas a liñas de investigación abertas en campos como control motor, adestramento, socioloxía e psicoloxía do deporte, didáctica do deporte, actividade física e saúde ou calidade de dirección e xestión deportiva.

Precisamente, con motivo do 25 aniversario estanse a celebrar numerosas actividades no centro, iniciadas o curso pasado, desde conferencias ata ciclos temáticos sobre temas como a Olimpíada de Londres, xénero e actividade física ou vínculos entre literatura e deporte, con motivo do Día das Letras Galegas. Tamén se está a desenvolver unha intensa actividade divulgativa a través do Proxecto INEF Galicia/Aberto, que inclúe colaboracións con entidades dedicadas á integración e ao apoio a persoas con discapacidades ou diversas enfermidades, así como con federacións e clubs de numerosos deportes, e coa Administración autonómica, provincial e local de diferentes concellos.





Sabela Santos Garea, titulada en Enxeñaría Informática da UDC, e recoñecida co Google Anita Borg Scholarship “Recomendo a todo o mundo que amplíe estudos cun posgraou ou un doutoramento”

Que lembranzas recorda con máis cariño da súa época como universitaria na Coruña?

A verdade é que moitas. A chegada no primeiro curso a un ambiente totalmente novo, os momentos cos amigos que vas facendo ao longo dos anos de carreira, as festas que faciamos, incluso as noites en que quedabamos facendo prácticas ata ben entrada a madrugada lémbroas agora con cariño.

Que lle achegou principalmente o seu paso pola Universidade da Coruña a nivel persoal?

En primeiro lugar, a experiencia de vivir fóra da casa e comezar a ser pseudo-independente (aínda que dependendo economicamente dos pais, claro), creo que foi unha das achegas máis importantes. E, por suposto, a cantidade de xente que vas coñecendo e as amizades que se fan durante eses anos.

E a nivel académico e profesional?

Agora mesmo estou contratada como profesora axudante na Área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e continúo como estudante de doutoramento, así que creo que a ambos os niveis a achega foi (e está sendo) bastante boa.

Estudaría de novo a mesma carreira na mesma universidade?

A mesma carreira seguro que si. Estou contenta coa formación recibida, pero tampouco descartaría estudar en universidades que ofertan a posibilidade de cursar titulacións dobres.

Cando rematan a carreira, moitos estudantes atópanse nun limbo antes do seu acceso ao mercado laboral, en que, en ocasións, se senten perdidos. Desde a súa experiencia, que consello lles daría a estes estudantes?

Actualmente, e por sorte, a situación dos estudantes que rematan algunha das carreiras relacionadas con Informática é bastante privilexiada á hora de encontrar emprego. De todos os xeitos, eu recomendaría a todo o mundo que valorase a opción de ampliar os estudos, ben sexa cun mestrado ou cun doutoramento. Unha vez incorporados ao mundo laboral, é difícil atopar o momento ou as ganas de se pór a estudar de novo e, cun panorama laboral cada vez máis complicado, creo que é importante poder marcar a diferenza.

Como valora a concesión do importante recoñecemento Google Anita Borg Scholarship?

Sempre supón unha gran satisfacción persoal que valoren o teu esforzo e o teu traballo, especialmente cando vén dunha empresa tan importante no mundo da informática como Google.

Que cre que suporá para vostede a nivel profesional acadar esta bolsa?

A curto prazo non creo que cambie moito xa que aínda teño que rematar o doutoramento. Pero a nivel de currículo, e especialmente para o mundo empresarial, penso que este recoñecemento pode ser bastante útil, polo menos para que te teñan en conta en certos procesos de selección de persoal. E, como non, en Google, que selecciona moitos candidatos para períodos de prácticas a partir dos diferentes programas de scholarships ou bolsas que leva a cabo en todo o mundo.

Nada menos que dúas das cinco españolas galardoadas en toda Europa pertencen á UDC. Pensa que este feito supón un recoñecemento tamén para a propia Facultade de Informática?

Por suposto. Que galardoen a dúas estudantes de doutoramento dunha universidade pública española, dentro dunha convocatoria internacional que inclúe Europa, Oriente Medio e África, creo que é un recoñecemento importante tanto para a Facultade de Informática como para a Universidade da Coruña.

Tamén obtivo vostede o I Premio Nacional á Excelencia no Rendemento Académico Universitario, destinado ás persoas tituladas máis brillantes. Considera que a excelencia académica é importante para abrirse camiño no eido profesional no complicado contexto actual?

Creo que non é o primeiro que van mirar á hora de darche ou non un traballo, a non ser que sexa no eido académico ou de investigación, polo menos aquí, en España. Pero, tanto fóra como á hora de acadar bolsas ou axudas como esta, si que abre moito as portas. De feito, un dos aspectos que se valoraban na concesión desta bolsa era a excelencia académica.

Actualmente está desenvolvendo o seu doutoramento. Como vai no proceso?

Estou máis ou menos no ecuador, teño algún artigo publicado e para o curso que vén planeo unha estada de investigación no estranxeiro.

Cales son os seus retos de futuro. Vese máis traballando en España ou no estranxeiro, en investigación ou no mundo da empresa?

De momento, os meus plans non van moito máis alá de rematar o doutoramento, mentres compaxino docencia e investigación. Despois supoño que dependerá en parte da situación da universidade española nese momento, pero gustaríame poder seguir dedicándome á investigación, ben dentro do mundo académico ou nalgún departamento de I+D+i.

Cal é a súa opinión sobre a polémica da fuxida de cerebros? Considera que é necesario marchar para triunfar nalgunhas profesións?

Desgraciadamente, creo que si. Non é o caso da informática, onde se poden encontrar bos empregos quedando no país. Pero si é certo que os doutores ou os perfís de máis alto nivel de formación están moito mellor valorados fóra de España. Así que estamos exportando unha gran cantidade de xente altamente formada e cualificada no noso sistema público e que non somos quen de incorporar ao noso mercado de traballo.





Ana Iglesias Galdo, nova decana da Facultade de Ciencias da Educación

“O noso maior reto é xerar coñecemento para promover modos de educación que entendan a rendibilidade económica ligada á responsabilidade social”

Universidade & Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garela

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Sedaqua

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

Consolidar a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), potenciar a investigación, afondar na internacionalización do alumnado, seguir favorecendo un clima amable e agradable e, en definitiva, xerar coñecemento para contribuir a formar unha sociedade responsable e democrática. Eses son, a grandes trazos, os retos que se impón Ana Iglesias Galdo na súa nova andaina como decana da Facultade de Ciencias da Educación da UDC, tras a súa toma de posesión, que tivo lugar o pasado mes na Reitoría.

Ana Iglesias emprende con enerxía a súa responsabilidade, á fronte dunha Facultade con 2.000 alumnos e alumnas, 120 profesores e profesoras e 25 PAS, que conta co maior número de titulacións da UDC, un total de catro de grao (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social e Logopedia) e catro mestrados, ademais da titulación de segundo ciclo en Psicopedagogía, que se extinguirá a partir do curso próximo, último en que se ofertará.

Este conxunto de titulacións “é complexo á hora de gobernar”, admite a decana, aínda que xa hai moito traballo feito no relativo á adaptación ao EEES. De feito, o vindeiro ano académico iniciananse os cuartos cursos de grao, e pecharase así a implantación completa. Tamén se está a traballar para a transformación dos mestrados e para consolidar os cinco grupos de investigación adscritos aos correspondentes departamentos da Facultade, un eido que Ana Iglesias Galdo considera “fundamental para transferir o coñecemento á sociedade”. Tamén realizará unha forte aposta pola internacionalización do alumnado, tras comprobar que está aumentando o interese por participar en programas de mobilidade estudantil.

Con respecto aos cambios estruturais que implicou o novo marco europeo, a decana explica que supuxo unha maior implicación de toda a comunidade educativa, desde o profesorado ata o alumnado e o persoal de administración e servizos, o cal de entrada non xerou efectos negativos pero si requiriu un esforzo común, que derivou nun sistema en que o alumnado participa

moito máis na construción de coñecemento e o profesorado xera novas redes para achegar este coñecemento, abrindo outras perspectivas. Este modelo encaixa moi ben coa formulación da decana sobre como debe ser o sistema ideal para a facultade encargada de formar os educadores do futuro. Así, o seu reto é contribuir a un proxecto común para formar unha cidadanía culta e comprometida, en que a rendibilidade económica vaia parella á responsabilidade social.

Trátase dun reto lóxico tendo en conta a natureza das titulacións, pero nada doado no momento actual, en que a crise está provocando numerosos recortes a que non escapa a educación. Para Ana Iglesias, é unha grande irresponsabilidade recortar dereitos sen ter moi claros os criterios, para engadir que os responsables políticos están a ser tremendamente unilaterais á hora de acometer os axustes económicos, sen ter en conta outros criterios ou alternativas.

Ana Iglesias sostén que, por fortuna, os profesionais da docencia aínda son moi valorados socialmente, xa que a educación estase a considerar, e máis en tempos de crise, como un investimento de futuro. A formación complementaria para os universitarios e universitarias xa se ve como imprescindible, e neste sentido a decana destaca a responsabilidade da xuventude, que “non só non dorme senón que está a buscar a vida sabendo que a máxima formación e a mobilidade van ser unha necesidade”.

A experiencia práctica é o outro pilar desta facultade, aínda que non entendida na súa concepción clásica e máis acoutada das carreiras técnicas. Neste tipo de titulacións Ana Iglesias non separa a teoría e a práctica, xa que as considera elementos indisolubles. Esta reflexión ponse de manifesto no chamado Practicum, unha materia obrigatoria que implica o estudanteo, o profesorado da Facultade e profesionais de diversas institucións, empresas e asociacións socioeducativas. Seguindo un plan de traballo previamente establecido, o estudanteo incorpórase ás diferentes institucións durante o tempo estipulado na Memoria de cada título, atopando novos

sentidos ao aprendido nos cursos anteriores e onde din “verse” como profesionais.

A decana destaca o alto nivel de colaboración por parte das institucións e as empresas, en torno a 300 repartidas pola provincia da Coruña, que constitúen os contextos laborais en que, nun futuro, exercerán a súa profesión a maioría de tituladas e titulados. No que respecta ao mercado de traballo, a decana explica que, ademais da saída natural cara á docencia do alumnado de Educación Infantil e Primaria, existen outras opcións en diversas institucións e entidades que tratan procesos formativos. Así, tituladas e titulados en Educación Social traballan nunha gran diversidade de ámbitos profesionais, desde centros de atención primaria e especializada, ata centros cívicos, de menores, de drogodependencias, de dinamización sociocultural, educación medioambiental, dinamización educativa, museística... En logopedia céntranse na prevención e intervención nos procesos comunicativos e da linguaxe, incorpóranse a diversas institucións públicas ou privadas, desde sanidade ata clínicas, centros de día, residencias de maiores, asociacións e ONG.

En todo caso, admite Ana Iglesias que o aspecto do autoemprego non é en principio a saída máis demandada ou a que máis lle preocupa ao alumnado. Neste sentido, fai unha reflexión sobre a popularidade do termo emprendedor, ao considerar que se está a dar unha visión fundamentalmente economicista da cultura emprendedora, cando debería concederse un sentido máis amplo, non estritamente económico, e non só centrado no individual, poñendo o acento nos procesos e no valor social. Neste eido “a educación conta con referentes extraordinarios”, sostén Ana Iglesias, xa que se trata de “profesionais que innovan no día a día, que melloran a educación das persoas coas que traballan, que teñen efectos na sociedade, no barrio, máis alá do que se recoñece oficialmente como índices de impacto e de excelencia”. Por tanto, propón a necesidade de repensar tamén os criterios da excelencia, do impacto, por se estivesen sostidos por unha visión exclusivamente economicista da educación.

Sedaqua

Una solución de baixo custo en tempos de crise para depurar augas residuais respectando o medio ambiente

A depuración de augas residuais non só é unha necesidade para as áreas poboacionais. Tamén son moitas as industrias que precisan acometer esta actuación, que require un gran investimento. Atendendo á demanda existente, o Grupo de Investigación de Enxeñaría Química Ambiental da Universidade da Coruña está a desenvolver unha tecnoloxía natural de depuración de auga moito máis económica da que se utiliza na actualidade en España e baseada no desenvolvemento sustentable. Este proxecto é todo un paradigma de como garantir a transferencia de resultados das investigacións que se desenvolven na Universidade da Coruña a través dos mecanismos que ofrece a institución. Da comercialización desta tecnoloxía encargárase a empresa denominada Sedaqua, actualmente en proceso de constitución, tras gañar un concurso de ideas innovadoras para entrar a formar parte do Viveiro de Empresas da UDC.

Os promotores e socios desta empresa de base tecnolóxica son dous alumnos de terceiro ciclo, David de la Varga Calvo e Marcos Antonio Vázquez Trillo, integrantes do grupo de investigación de Enxeñaría Química e Ambiental, así como o coordinador deste equipo, Manuel Soto Castiñeira. A idea de poñer en marcha esta iniciativa empresarial xorde a partir dos satisfactorios resultados acadados en dúas das liñas de investigación deste grupo, baseadas no tratamento de augas residuais e residuos orgánicos mediante tecnoloxías de baixo custo e non agresivas co medio ambiente. Tras os proxectos desenvolvidos a escala piloto e a escala real, os promotores atoparon viable trasladar estes sistemas de depuración ao ámbito empresarial. Polo seu baixo custo e o seu respecto ao medio ambiente, as zonas húmidas artificiais que se propoñen neste sistema resultan unha excelente opción, tanto para pequenas poboacións como para o sector agropecuario e a industria en xeral, polo que Galicia é un escenario

idóneo para a súa aplicación. Así, entre os clientes potenciais atópanse desde adegas ata empresas de limpeza ou lavado de determinados produtos, centros educativos, casas de turismo rural, pequenos hoteis, campos de golf ou cárceres.

Con respecto á tecnoloxía empregada para este modelo de depuración, pátense de zonas húmidas, que son sistemas de depuración natural, constituídos por lagoas ou canles pouco profundos (de menos de 1 metro) plantadas con vexetais propios das zonas húmidas e en que os procesos de descontaminación teñen lugar mediante a circulación da auga e as súas interaccións co substrato sólido, os microorganismos, a vexetación e incluso a fauna.

Con respecto ás vantaxes económicas e ambientais do sistema, o investimento inicial pode reducirse ata o 50% en relación con outros tratamentos convencionais, require un mantemento moi escaso, que se reduce a comprobacións periódicas das tubaxes e arquetas, e un baixo consumo enerxético. Tamén é indiscutible a drástica redución do impacto paisaxístico, así como a eliminación de cheiros e de proliferación de insectos, xa que o sistema é totalmente natural. Por tanto, tampouco precisa adición de produtos químicos de xeito habitual, o que tamén contribúe a abaratar a xestión.

Ademais, a empresa incorpora melloras tecnolóxicas respecto aos sistemas actuais, como a instalación dun dixestor anaerobio como pretratamento das augas residuais. Cunha tecnoloxía xeral e básica deseñada pola empresa, conséguese unha solución específica para cada problema en particular, mediante adaptacións de determinados parámetros, conseguindo así unha gran calidade no proceso de depuración.

A aposta clara desde o principio á hora de posicionar a empresa foi a sustentabilidade e a minimización en gastos, dous aspectos fundamentais no contexto actual. Así, lembran os promotores que o sistema se

integra perfectamente na paisaxe, pasando desapercibida a instalación e fuxindo da típica imaxe que se ten dunha depuradora de auga. Os servizos que ofrece a empresa inclúen desde deseño de zonas húmidas e dixestores ata sistemas de compostaxe, así como a xestión dos trámites lexislativos para a súa instalación, o asesoramento e a asistencia técnica e o seguimento e mantemento posterior. Neste momento os promotores atópanse no proceso de busca de clientes, o que consideran o principal atranco á hora de constituír a empresa. É que se ben a súa idea para depurar as augas residuais ten unhas vantaxes que dificilmente outros sistemas poden proporcionar, en tempos de crise o medio ambiente é quen máis o paga, segundo detectaron os socios. Por tanto, a pesar de contar cun produto que axuda a combater a crise, lamentan que “este lastrado pola falta de interese que xeralmente mostran as administracións ou empresas cando falamos de medio ambiente e sustentabilidade”.

No proceso de materialización desta iniciativa empresarial os promotores valoran como un apoio fundamental a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC, que “nos ofreceron unha axuda enorme co asesoramento por parte do técnico que supervisaba o noso traballo, buscando as mellores alternativas ás dúbidas que lle expoñíamos, guiándonos para incidir nos nosos puntos fortes, e tamén para minimizar as nosas debilidades no mercado, pero dun xeito natural e sen ocultar nada”. Para os socios de Sedaqua, o viveiro de empresas da UDC “é unha fabulosa idea para dar a oportunidade a alumnos de levar adiante as súas iniciativas empresariais”, engadindo que “á vista do éxito de moitas das empresas xurdidas na UDC reflicte de xeito claro o seu labor social a través da transferencia de coñecemento”. Ademais, consideran que o viveiro tamén é unha forma directa de pór antigos alumnos en contacto co mercado laboral.





Directorio P2

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

U + Opinión P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Galegos na Axencia Espacial Europea

U + Reportaxe P6-7

Novos Honoris Causa na Universidade da Coruña

U + Empresa P8-9

Grupo Santander

U + Centros P10

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

U + Profesionais P11

Sabela Ramos Garea

U + Entrevista P12

Ana Iglesias Galdo

U + Emprendedores P13

Ana Iglesias Galdo

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Antón Reixa

Galardóns e mencións de prestixiosas institucións avalan o labor docente e investigador das facultades coruñesas

Un dos principais avais da calidade do ensino e a investigación universitaria son os recoñecementos e galardóns que durante as últimas semanas veñen sucedéndose en diversos ámbitos da UDC. Ademais de Sabela Santos Garea, con quen conversamos neste número da revista tras a concesión da bolsa Google Anita Borg Scholarship, unha convocatoria en que a ex alumna coruñesa Ana María Freire Veiga acadou o grao de finalista, diversos alumnos e alumnas, así como docentes, recibiron premios de diversa natureza convocados por prestixiosas institucións. Entre eles figura o enxeñeiro informático titulado na UDC Santiago Berdullas, que vén de gañar o premio ao mellor proxecto empresarial da IV Edición de UNI>PROYECTA, do que damos conta tamén neste número.

Ademais, o alumno da Escola Politécnica Superior Luis Suárez López recibiu un accésit no premio Fototalentos'12, que convoca a Fundación Banco Santander para todos os membros da comunidade universitaria dos países da rede Universia, que abrangue España, Andorra e América latina. Neste certame poden participar desde profesores e investigadores ata alumnos e persoal docente investigador de todas as universidades. A fotografía de Luis Suárez leva por título "Morta a escola... morta a aldea", e reflicte nunha dura imaxe o abandono dos colexios nas pequenas aldeas a través da visión dun encerado e un vello pupitre nunha aula que se atopa en moi mal estado.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra vén de galardoar a Paula Martínez García, licenciada en Filoloxía Hispánica o pasado curso na Universidade da Coruña, por un traballo sobre Literatura Medieval titulado "Alegradvos amadores: vida y obra de un poeta singular del siglo XV llamado Sarnés". O galardón, concedido na categoría de Novos Investigadores, enmarcado nos Premios Provinciais á Investigación, ten como obxectivo recoñecer o labor dos novos especialistas en diversas disciplinas e a calidade e achega á sociedade das súas investigacións. Este premio ten tamén as categorías de Humanidades e Ciencias Sociais e Tecnoloxía, ademais do Premio Carmela Arias y Díaz de Rábago. A dotación total destes galardóns, un total de oito, foi de 19 000 euros.

No que respecta a grupos de investigación, o denominado RNASA-IMEDIR recibiu un importante premio nacional de gran prestixio por unha investigación desenvolvida en colaboración coa Unidade de Lesión Medular do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Este galardón, concedido pola Fundació Agrupació Mútua de Barcelona ten unha dotación de 15 000 euros e foi concedido ao grupo polo seu traballo no desenvolvemento de contornos e aplicacións informáticas accesibles, especialmente deseñadas para persoas con discapacidade. En concreto, a investigación deste equipo permitiralles ás persoas afectadas por lesión medular alta dispoñer dunha importante ferramenta que facilitará o seu acceso ao ordenador e por tanto a súa participación social. O grupo RNASA-IMEDIR, dirixido polo catedrático Alejandro Pazos Sierra, xurdiu no ano 1989 co obxectivo de levar a cabo traballos e proxectos de investigación relacionados coa Intelixencia Artificial, especialmente na Área de Sistemas Conexionistas, aplicando as Redes de Neuronas Artificiais á resolución de

problemas complexos do mundo real, e abarcando, sobre todo, a área da medicina.

Tamén no eido da arquitectura é recoñecida a UDC. Un equipo de profesores e profesoras da Universidade da Coruña ven de gañar un dos premios da quinta edición do prestixioso concurso bianual de arquitectura organizado por VM ZINC-Unicore, que foi fallado recentemente e entregado nunha cerimonia celebrada en París. Este certame recoñece os mellores edificios do mundo realizados en zinc. A dimensión internacional deste premio ven avalada pola procedencia dos participantes e dos proxectos premiados, que abarca desde Australia ata China, Francia, Estados Unidos, Alemaña e España.

O equipo galego galardoado está formado polos profesores da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña Cándido López e María Carreiro, xunto cos arquitectos Nela Prieto e Diego Vaquero. O seu proxecto, o deseño e execución do Centro Sociocultural de Agrón no Concello de Ames, recibiu o premio especial outorgado polo público mediante as votacións realizadas a través da páxina de facebook da entidade convocante.

A presentación do proxecto tivo unha gran acollida entre o experto foro internacional de asistentes ao evento, que destacou a sensibilidade do edificio co contorno no que se inserta, unha frondosa carballeira a 15 quilómetros de Santiago de Compostela, así como os seus valores ecolóxicos e medioambientais ou o expresivo emprego do zinc neste pequeno edificio, que se impuxo a máis de 120 proxectos desde a súa sinxeleza e precisión.





A UDC celebra os 25 anos Erasmus coa inauguración do punto de encontro de estudantes internacionais

A Universidade da Coruña celebrou os 25 anos de existencia do programa Erasmus cunha xornada centrada nas opcións que ofrecen os programas internacionais de mobilidade, que foi inaugurada pola vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, Natalia Álvarez Lata. Tamén participaron o deputado provincial Antonio Cañas Varela e o decano da Facultade de Economía e Empresa, Anxo Ramón Calvo Silvosa. Durante este encontro tiveron a oportunidade de explicar as súas experiencias distintos ex alumnos e ex alumnas da UDC que participaron nalgún intercambio, así como estudantes doutros países que


realizaron estadias na Coruña. Todos eles destacaron como experiencia máis salientable a posibilidade de coñecer xente nova doutras nacionalidades, así como entrar en contacto cunha cultura diferente e aprender outra lingua. Durante esta conmemoración inaugurouse tamén o denominado FINDER, nome co que foi bautizado o novo punto de encontro para estudantes internacionais, situado no Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña. Decorado con materiais ecolóxicos, o FINDER servirá para que establezan relacións os universitarios e universitarias de fóra entre eles ou tamén co alumnado coruñés. Para o equipo de goberno da UDC é un obxectivo prioritario aumentar os intercambios internacionais de estudantes, docentes e tamén de proxectos académicos. Neste punto insistía precisamente a vicerreitora Natalia Álvarez durante a celebración dos actos de 25 aniversario dos Erasmus, sinalando que saír estudar fóra achega un valor engadido recoñecido polas empresas.

Graduación de alumnos da Sénior no décimo aniversario do programa para maiores de 50 anos

Máis dun centenar de alumnos e alumnas da Universidade Sénior recibiron os seus diplomas no acto de clausura do curso, en que se cumpriu o décimo aniversario do programa de maiores de 50 anos da UDC. O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, Julio Abalde, foi o encargado de presidir o acto celebrado no Paraninfo da Reitoría, e en que participaron

a directora da Universidade Sénior, Pilar García de la Torre; a subdirectora, Pilar Millor Arias, e o padriño da promoción, o profesor de Historia da Mariña, Julio Louro Rodríguez.

No presente curso académico a Universidade Sénior da Coruña acadou a cifra récord de alumnado con preto de 620 alumnos e alumnas nos seus campus da Coruña e Ferrol. Así mesmo, a traxectoria da Universidade Sénior no Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea foi recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte cunha mención honorífica nos últimos Premios Miguel Hernández de Aprendizaxe ao Longo da Vida.



O Goberno chinés selecciona un profesor de INEF para un proxecto sobre neurociencia

O profesor e investigador da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da Universidade da Coruña Miguel Fernández del Olmo foi invitado a participar no programa de investigación do Ministerio de Educación do Goberno de China sobre "Neuroinformación". Neste proxecto investiganse aspectos como o mecanismo en virtude do procesamento de información visual e a transición de información na corteza sensomotora, ademais de desenvolver técnicas innovadoras do sinal e o procesamento de imaxes, así como o desenvolvemento de novas e significativas técnicas para explorar as funcións cerebrais.

O profesor Del Olmo estudou a licenciatura e o doutoramento na propia Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC. A súa tese tratou sobre a rehabilitación en pacientes coa enfermidade de Parkinson mediante a utilización de sinais externos. Desde entón afondou nos coñecementos relacionados co control motor, desde unha perspectiva tanto neurofisiolóxica como comportamental. A súa formación neurofisiolóxica adquiriuna como boiseiro posdoutoral no Instituto Neurolóxico de Londres durante dous anos. A continuación realizou outra estadia dun ano na Universidad de Berkeley, ademais doutras en universidades como Michigan.

O Grao en Administración e Dirección de Empresas empezará a impartir inglés no próximo curso

Un grupo de alumnos e alumnas do Grao en Administración e Dirección de Empresas empezarán a recibir as súas clases en inglés o próximo curso, dentro dun plan piloto que se estenderá en próximos cursos a outras titulacións. O motivo desta iniciativa é, segundo explica a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, Natalia Álvarez,

"dotar o alumno de máis competencias lingüísticas coa aprendizaxe integrada de contidos e linguas". Para a Universidade da Coruña, é unha oportunidade excelente para ampliar a súa oferta e atraer alumnos Erasmus e doutros programas de mobilidade. Ademais, indica o decano da Facultade de Economía e Empresa, Anxo Calvo, en que se imparte esta titulación, que "este programa, xunto a outros como as dobres titulacións (graos de ADE+Dereito e Turismo+Empresas), son para alumnos de alto rendemento e así contribuímos a captar talento para a universidade".

Antón Reixa

Artista, poeta, creador e produtor. Fundador e presidente do grupo Filmanova e actual presidente da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE).



A mellor lembranza como estudante (na escola, o instituto ou a universidade)
O día que acabei a carreira. Quedei moi liberado.

O/a profesor/a que máis o marcou (na escola, o instituto ou a universidade)
Xosé Luís Méndez Ferrín, no instituto. Era o meu profesor de literatura.

A súa materia pendente (na vida profesional ou persoal)
Tocar a guitarra.

A viaxe de fin de curso que lle gustaba facer
A Grenlandia.

Un fito na historia da música e/ou o audiovisual galego
Do audiovisual, posiblemente o filme Vilamor; e da música, Mercedes Peón.

A principal lección que lle deron
A humildade.

Se volvese aos 18 anos, elixiría a mesma profesión?
Seguro que si.

O mellor recordo que conserva dos seus inicios na vida profesional
As viaxes en furgoneta co grupo.

O mellor consello que recibiu
Serenidade.

O mellor consello que daría
Máis serenidade.

Quixo que o mar o comese cando...
Cando me examinou de italiano o profesor Antón Santamarina. Non tiña nin idea de Petrarca.

O logro de que se sente máis orgulloso
A creación de Filmanova (a produtora que fundou e preside).

O maior reto cumprido na súa profesión
Mareas vivas (serie da TVG).

O seu ben máis prezado
A miña neta Daniela.

Foto: Víctor Echave. *La Opinión*.